


NOME CIENTÍFICO

Eriobotrya japonica

Descrición:

Árbore froiteiro de folla perenne que pode acadar os 4-10 metros de altura. A súa copa presenta unha forma redondeada.



As flores son brancas e se dispoñen en panículas (esquema).

Familia: Rosaceae

Orixe: China central

Nome común: Nespereira do Xapón



59



61



60

As súa follas son simples e relativamente grandes (10 a 25 centímetros de lonxitude) pecioladas, coriáceas e co seu bordo serrado. Dispóñense de forma alterna ao longo do talo. Son de cor verde escuro na parte superior e máis claras na inferior, onde tamén presentan certa pubescencia.

O froito son as néspereas.

Eriobotrya japonica

Hábitat

Trátase dunha especie subtropical que tamén crece con facilidade en climas temperados suaves. Aínda que pode chegar a tolerar un frío moderado prefire as temperaturas moderadas dos lugares dos que é orixinario.

Usos ou propiedades

Presenta un uso principalmente culinario, xa que o seu froito, as néspersas, son moi apreciadas para o consumo. Se investiga na actualidade a actividade potencialmente anticancerosa que podan ter un tipo de triterpeno atopado tamén nas súas follas. Atopouse recentemente nun extracto das súas follas unha substancia que funciona coma estimulante do foliculo piloso, polo que é empregado como crecepelo.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

A nespereira é unha árbore orixinaria de China, de onde se exportou ao Xapón moi tempranamente. Foron os exploradores portugueses os que a introduciron en Europa. Un dos primeiros lugares foi Galicia, de onde chegou procedente do norte de Portugal.